



HISTORIA DA LINGUA GALEGA

OS PRIMEIROS HABITANTES DE GALICIA:



Os primeiros habitantes de Galicia eran de orixe preindoeuropea (idade de bronce) e ao igual que os indoeuropeos deixaron a súa pegada no noso idioma.

• Palabras indoeuropeas: amorodo, lastra, veiga....



E outras palabras que aínda conservamos: Samil, toxo, alpendre, burato, touciño... O galego débelle aos celtas moitas palabras e abundantes topónimos....os mesmos nomes “galego” e “Galicia” son de orixe celta.

OS ROMANOS

Os romanos chegan a Galicia no século 1 d. C., moito máis tarde que ao resto da península (século III a.C.). Isto levou a incorporación dos celtas á lingua e cultura dos conquistadores.

Paseniñamente o latín pasou a se converter na lingua dos galegos a través de vantaxes administrativas...



A CHEGADA DOS XERMANOS E A ESCASA PRESENZA DOS ÁRABES E A CHEGADA DE NOVAS VAGAS CELTAS DE BRETAÑA.

A partir do século V chegan a Galicia pobos de raza e lingua xermánica . Destes contactos o galego recibe un gran número de préstamos lingüísticos tanto xermánicos (LAVERCA, ESPETO, ROUPA....) como árabes en menor medida e máis indirectamente (MAMEDE, LARANXA, ACEITE, AZUCRE...)




DO LATÍN AO GALEGO

No século VIII a lingua da igrexa e da administración era tan distante da falada que hai dous sistemas diferentes: latín e galego. En toda a Europa Medieval o latín continuaba a ser a lingua da cultura, o ensino, a administración... Dos comezos do século XIII datan os primeiros documentos en galego.

Galicia conformouse como reino independente nos séculos X, XI e XII. Neste contexto o galego é exclusivamente oral. Ha de ser a presión do

monolingüismo oral o que leve a cooficialidade entre o galego e o latín nos documentos...aínda que o latín segue a posuír o estatus de lingua universal de cultura.



O GALEGO E O PORTUGUÉS

O galego era a lingua de toda a Gallaecia, territorio que comprendía o que hoxe é Galicia, Portugal ata Coimbra, e parte de Asturias e León. Por iso, aínda hoxe oímos falar galego en lugares destes dous últimos territorios. Máis no século XII nace o reino de Portugal (por unha cuestión de herdanza de territorios) e a Gallaecia fica dividida polo Miño cara ao sur. Esta división influíu na súa evolución, mais o galego e o portugués aínda non deixaron hoxe de seren, en orixe, **unha mesma lingua**. Os portugueses levaron o galego-portugués ata Lisboa e o Algarve, terras que lles conquistaron aos mouros. E, como eran tan ousados, continuaron ata o Brasil, a Africa e inclusive a China, a India e Indonesia. Grazas a estas ansias imperialistas, podemos hoxe falar con máis de douscentos millóns de persoas en todo o mundo.

EXPLICACIÓN HISTÓRICA DA ORIXE DO PORTUGUÉS:

No século XII en Castela reinaba Alfonso VII. Un familiar seu chamado Alfonso Enríquez (fillo de Teresa e Enríque de Borboña) foi o herdeiro do Condado de Porto Cale (entre o río Miño e o río Douro). A capital deste condado era Cale (hoxe chamado Oporto). A palabra Portugal ven de Porto-Cale (Condado de Oporto). Cando Alfonso Enríquez conseguiu a independencia da antiga Gallaecia (Galicia) continuou a reconquista (loitando contra os árabes) cara ao sur. El chegou ata Lisboa e os seus herdeiros xa chegaron ata o Algarve (sur de Portugal). Así foi como a fala do norte foi levada a través da reconquista dende o norte ata Lisboa e finalmente ata o sur de Portugal.

o idioma
"galego"
no mundo !



Cabo Verde · Portugal · Guiné-Bissau · Galiza · Brasil · Timor Leste · São Tomé e Príncipe · Macau · Angola · Moçambique

ESPLENDOR MEDIEVAL

O galego convértese na lingua por excelencia da lírica en toda a península, agás en Cataluña. Propiamente debemos falar de lírica galego-portuguesa. O galego acada agora o rango de lingua internacional presente en autores galegos, portugueses, casteláns, occitanos, sicilianos... coma en cortes reais e señoriais (Santiago, Toledo, Coimbra, Lisboa...). Son lírica galego-portuguesa as " **CANTIÇAS DE SANTA MARÍA" compostas na corte de Afonso X o Sabio.**

O galego acadou gran prestixio como lingua literaria a finais do século XIII.

A partir de fins do século XIII, e máis significativamente nos séculos XIV-XV, os temas de maior difusión na Europa medieval recóllense en lingua galega:

- Os relatos do rei Artur.**
- A historia da destrución de Troia.**
- Relatos da destrución de Jerusalén**
- Crónicas de Stª Mª de Iria, Xeral Galega, Xeneral Estoria...**





Traballos feitos polas nenas e nenos!



UNHA LINGUA NORMAL

O galego era na Idade media a lingua que falaba todo o mundo nas vilas e aldeas de Galicia. Si, si, o galego falábano nesta altura tanto en Chantada como nos Cantóns da Coruña. E falábano tanto bispos coma feirantes. Era a lingua de uso normal, como a de calquera outro país normal. De maneira que a xente, como non tiña que estar preocupada día a día pola normalización do seu idioma, empregaba as súas enerxías en moitas outras cousas. Os trovadores, por pór un caso, gastaban a súa enerxía escribindo fermosísimas cantigas, cheas de ritmo. Cantigas de amigo, de amor e de escarnio e maldicer, que eran seguidas con entusiasmo polos compositores de moda. O mesmísimo rei Afonso X o Sabio de Castela escribía en galego as súas composicións poéticas.

SÉCULOS ESCUROS

Aséntase no país unha nobreza estranxeira, intransixente coa cultura e coa lingua de Galicia, que vén substituír unha nobreza galega derrotada. Dase a ausencia dunha burguesía capaz de defender os seus intereses e os do país e unha política centralista e intervencionista de Castela que afianzan o proceso desgaleguizador.

Nos SÉCULOS ESCUROS o galego estivo ausente dos usos escritos fronte ao castelán e portugués que entran nun proceso de fixación. Porén o galego segue a ser a vía normal de comunicación de case toda a poboación.

Parellamente a este baleiro de literatura erudita, pervive a vea da lírica popular en forma de cantigas de berce, de cego, entroidos, adiviñas, lendas, romances, contos, farsas...en forma de transmisión oral.

No século XVIII, xorden as voces de denuncia dos chamados “ilustrados” que mostran a súa inquedanza polo subdesenvolvemento de Galicia e ofrecen propostas renovadoras da vida económica, social e cultural...

·Padre Frei Martín Sarmiento defendeu o uso do galego no ensino, na administración e na Igrexa.

· Padre Feixoo foi o primeiro en rexeitar a condición de “dialecto” para o galego.

·Padre Sobreira continuou a labor lexicográfica de Sarmiento.



Os Séculos escuros

Un día do século XV desapareceu aquel esplendor da Idade media, aquela riqueza artística, aquela economía poderosa, aquela lingua segura de si mesma. Desapareceu o ritmo lixeiro das cantigas e finalmente desapareceu a literatura toda. A can fraco, todo son pulgas, xa se sabe. Castela non perdeu a ocasión. Viu Galicia abaixada, enfraquecida coma un can, e ordenou entrar nela ata a cociña. Foi no século XV, famoso século no que a raíña Isabel de Castela e o rei Fernando de Aragón ampliaron os

seus dominios ata as Novas Indias. A aventura de Colón, o descubrimento da América, e todo iso. E, se foron quen de conquistar terras tan afastadas, non ían engurrarse por avanzaren uns cantos quilómetros pola nacional VI. E como a lingua do imperio acompaña ao imperio alá onde for, o castelán penetrou en Galicia acompañando unha reia de funcionarios da meseta que se instalaron no noso país. A xente seguiu a falar galego, mais os bispos xa non tanto. E quen di os bispos, di a aristocracia, algúns burgueses e así. **O galego desapareceu dos documentos oficiais**, porque, a partir de agora debían estar redactados en castelán. Os escribáns galegos tiveron que se examinar en Toledo, para acreditar o dominio daquela lingua. Neste ambiente, moitos nobres galegos, para ascenderen socialmente, pasáronse ao castelán. Querían falar a lingua que falaban os que tiñan o poder.

Como nos Séculos Escuros as clases altas falaban castelán, a xente común coidou que o galego valía só para falar nas feiras, cos colegas e as bestas. A ninguén se lle pasaba pola cabeza falarlle galego a un bispo ou a un conde. Así que, o pobo galego acordou falar entre si na súa lingua e cos señoritos castelán. A este fenómeno os lingüistas chámalle **diglosia**. Queren dicir que, nunha situación de conflito entre dúas linguas, unha delas posúe privilexios sobre a outra. Dende esa, aínda falando galego, a xente comezou a dicir “hepatitis” por hepatite, “gimnasio” por ximnasio, “mueble” por moble, “cohete” por foguete, “carretera” por estrada, “cuchillo” por coitelo, “lunes” por luns e así seguido.

Arruinada e sen poder político para corrixir a situación, Galicia seguiu enfraquecendo. Os labregos galegos, homes e mulleres, tiveron que marchar a Castela, a procuraren

sustento. Ían segar aqueles anchos campos. Miseria había tamén en toda Castela, pero os miserentos casteláns eran miserentos na súa terra, e os labregos galegos eran inmigrantes, coma os que veñen hoxe en patera. De maneira que comezaron as burlas: “antes puto que gallego”, “no fíes en perro que cojea ni en amor de gallega” e outros piropos.

O nome de Paio era tan frecuente entre os galegos daqueles anos coma hoxe Pepe. Ou Borja. Se cadra, hoxe xa hai en Galicia máis Borjas que Pepes.

Paio era un dos santos con máis devotos en Galicia. Entre os labregos que ían segar a Castela había, logo, moitos Paios. Tantos, que os casteláns chamábanlle “paio” a todos os galegos, mais de mal nome, era un insulto, coma se lles chamasen parvos. Isto avergonzou de tal maneira aquela xentiña, que Paio desapareceu de Galicia. Ningún galego quixo chamar así os seus fillos. A este complexo os psicólogos chámanlo **autoodio** : unha persoa humillada chega a desprezarse a si mesma. Agora xa non só a lingua era considerada inferior polos propios falantes, todo o que fose galego ou tivese relación con Galicia era automaticamente considerado tamén inferior.



O século das luces

Os Séculos Escuros deixaron paso ao Século das luces. O XVIII. Neste século Galicia saíu da crise económica. Digamos que engordou. Proba disto é **o vizoso barroco galego**.

O millo e as patacas axudaron moito. Estes dous produtos americanos encheron as casas de fartura. E, seguramente, porque co bandullo cheo medra a autoestima, algunhas persoas cultas comezaron a se interesar polas cousas do seu país, algúns mesmo se puxeron a escribir en galego. As escolas aprendían os nenos en castelán e latín, de maneira que os nenos e nenas, que só oían falar galego na súa vida diaria, tiñan que se expresar en castelán ao chegaren á escola. Este contrasentido pedagóxico foi criticado polo Padre Sarmiento: **“Todo mestre de Gramática que non fose galego e erudito na lingua patria, débese excluír de ser mestre de nenos galegos, aínda que sexa un Cicerón”**




O REXURDIMENTO

No século XIX dáse unha recuperación non só literaria senón tamén cultural, política e histórica. Xorden os primeiros textos escritos en galego con fins propagandísticos para chamar ao campesiñado á defensa do país ou para defender as ideas liberais. Nacen diversos movementos galeguistas baseados na defensa da singularidade e da personalidade diferenciada de Galicia. En 1863 publícase de ROSALÍA DE CASTRO “Cantares gallegos”. CURROS ENRÍQUEZ asentou unha poesía combativa denunciando inxustizas como a opresión, a inmigración...

EDUARDO PONDA, autor do Himno Galego, buscou as raíces prehistóricas do seu pobo, tentando afianzar o galego como

lingua literaria e culta. Obra de grande sona entre as clases populares foi “O catecismo do labrego” de VALENTÍN LAMAS CARVAJAL. No ano 1876 édítase, promovido por Valentín Lamas Carvajal o pioneiro dos xornais integramente en galego: “O Tío Marcos da Portela”. O éxito deste xornal, con marcado carácter anticaciquil, resultou espectacular. Unha das últimas manifestacións do Rexurdimento, xa no século XX, foi a constitución da Real Academia Galega en 1905.







¿QUÉ DIN OS RUMOROSOS
NA COSTA VERDECENTE
AO RAIO TRANSPARENTE
DO PRÁCIDO LUAR?
¿QUÉ DIN AS ALTAS COPAS
DE ESCURO ARUME ARPADO
CO SEU BEN COMPASADO
MONÓTONO FUNGAR?



HINO GALEGO

HINO GALEGO

Poesía de Eduardo Pondal Música de Pascual Veiga

Musical score for the Hino Galego, featuring lyrics in Galician and musical notation for voice and piano.




No século XIX o galego volveu aos libros. Os poetas Rosalía de Castro, Pondal e Curros Enríquez ergueron a lingua galega á altura artística que tivo na Idade media. Xurdiu tamén neste século o galeguismo, que é un movemento intelectual e político que defende Galicia e o seu idioma. Este tempo de recuperación coñécese co nome de **Rexurdimento**. A pesar de todo, o castelán seguía avanzando nas cidades e vilas de Galicia. O noventa por cento dos galegos seguía a falar galego, mais algúns comerciantes e profesionais xa consideraban o castelán unha lingua máis axeitada para os seus negocios. Un avogado, por pór un caso, non consideraba xuridicamente rigoroso chamarlle herdeiros aos “herederos”; nin un zapateiro chamarlle solas ás “suelas”.

Castelán na escola

Segundo avanzaba o século XIX, o goberno de Madrid, porque a Xunta aínda non existía, púxose a uniformar España, é dicir, a vestir a todos co mesmo uniforme, coma os soldados nun desfile. Querían que non houbose diferenzas, que un catalán, un andaluz e un galego, por pór un caso, falasen todos do mesmo xeito. A poder ser, sen acento que os puidese identificar. Porque, polo acento, logo se sabe se un é da Coruña ou de Tordesillas, aínda falando ben en castelán.

O castelán foi logo declarada lingua oficial e exclusiva en todo o territorio. Para uniformar. O goberno impuxo o ensino obrigatorio nesta lingua e ameazou con castigar os mestres por falaren galego na escola. Naturalmente, con estes apoios, o castelán campaba cada vez máis alegremente polas vilas e cidades de Galicia.



Os escritores galegos do século XIX atopáronse cun grave problema: non había dicionarios nin gramáticas na súa lingua. Tiñan que escribir de orela. E escribir así é como para un mariño navegar sen cartas náuticas. Non debe estrañarnos logo, atoparnos castelanismos nos seus libros,

pois estes escritores aprenderon de cativos a ler e escribir en gramáticas e dicionarios casteláns. Non debemos esquecer, que o goberno castigaba aos mestres por falaren galego na escola. Así e todo, neste século XIX publícanse as primeiras gramáticas de galego.

Unha lingua para poetas

Co Rexurdimento, o galego volveu ser unha lingua escrita, mais limitada á poesía. En xeral, os galegos consideraban que o seu idioma non valía para outra cousa que non fose falar na feira cos colegas e coas bestas. Como moito, poderíase escribir poesía en galego, pois a fin de contas era un enredo de catro tolos, mais de ningunha maneira de cousas científicas. Por este motivo, e por outros máis atravesados, algunha xente coida aínda hoxe que o galego non vale para as ciencias. Como se vai escribir o principio de Arquímedes en galego!

“Todo corpo mergullado nun fluído en repouso sofre, por parte do fluído, unha forza vertical para a cima, cuxa intensidade é igual ao peso do fluído desaloxado polo corpo”

Pode ser que non se entenda, mais porque non se sabe física, non porque estea en galego.

QUE FAS, ROSA?
EN GALEGO AS
MATEMÁTICAS NON
SON EXACTAS!

24 GALIÑAS
+ 36 GALIÑAS
—
60 GALIÑAS



SÉCULO XX (antes da guerra civil no 36)

A lingua galega aínda non vive unha situación normalizada e iso provoca un retroceso en clases altas e medias e en zonas urbanas. A toma de conciencia dos campesiños, fomentada polo seu acceso á propiedade da terra, unida á evolución do galeguismo cara ao nacionalismo, provoca un salto cualitativo na utilización da lingua. O nacionalismo está tan vencellado ao idioma como esencia de identidade colectiva, que as súas primeiras manifestacións constitúenas as IRMANDADES DA FALA (reivindican a presenza do galego na Administración e no ensino). En 1918 celébrase a “ I ASAMBLEA NACIONALISTA GALEGA” QUE REIVINDICA A AUTONOMÍA INTEGRAL, A OFICIALIZACIÓN DA LINGUA E A INCLUSIÓN DE GALICIA NA SOCIEDADE DE NACIÓNS DE XENEBRA. Neste contexto aparece a REVISTA NÓS, da man de Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas, que conforman o “GRUPO NÓS”. A eles lígase a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. OS MEMBROS DE “NÓS” MARCAN COMO FINALIDADE A ELIMINACIÓN DO LASTRE DO FOLCLORISMO DA CULTURA GALEGA. O emprego do galego en estudos científicos potenciouse coa creación do Seminario de Estudos Galegos



A prosa galega chega a un grao de desenvolvemento pleno con RAMÓN OTERO PEDRAYO e VICENTE RISCO coa incorporación de temáticas universalistas, lendarias e exóticas, urbanas e pensamentos filosóficos (novas técnicas de creación que se estaban a desenvolver na literatura europea).



Merece mención aparte a figura polifacética de CASTELAO. É un clásico da literatura galega en todas as áreas nas que se manifesta a súa arte: novela, teatro, narrativa breve e ensaio político. “SEMPRE EN GALIZA” é a obra mestra do nacionalismo galego. Tamén ten outras obras nas que se reflicte a súa capacidade como debuxante e literato. Tivo participación activa e directa na política do país como deputado da República nas filas do Partido Galeguista. En 1931 créase o Partido Galeguista que consegue a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que a lingua galega adquire por primeira vez o recoñecemento de “idioma oficial de Galicia”. Este logro importantísimo non chegou a ter aplicación práctica na realidade por mor do estoupido da Guerra Civil (1936), que supuxo o principio da máis crúa etapa para as linguas non oficiais do Estado español.



“Sempre en Galiza” de Castelao foi un dos libros que chegaron dende o exilio burlando a vixilancia aduaneira.



Unha lingua para científicos


Xa no século XX, os galeguistas da xeración **Nós** tiraron o galego do gueto da poesía. Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Cuvillas, estaban convencidos de que o galego valía para todo. E, para o demostraren, escribiron en galego teatro, novela e ensaio. Estes galeguistas entendían Galicia como unha nación. Foi gracias a eles que o galego entrou en todos os saberes, como calquera outro idioma no mundo. Xa sen complexos nin autoodio, coa fundación polos galeguistas do Seminario de Estudos Galegos, **a nosa lingua tratou todos os eidos do coñecemento**: Arqueoloxía, Filoloxía, Antropoloxía, Ciencias naturais, Etnografía, Artes e letras, Historia, Prehistoria, Xeografía, Ciencias xurídicas e económicas, Ciencias aplicadas, Pedagogía....

O Estatuto do 36

O 14 de abril de 1931 proclámase a II República. Ese mesmo ano, os galeguistas fundan o Partido Galeguista, cuxo fin principal é o Estatuto de Galicia onde se proclaman idiomas oficiais en Galiza o castelán e o galego, mais nas relacións oficiais da Rexión con autoridades doutras rexións e coas do Estado usarase sempre o castelán. **Os funcionarios que se designen para actuar na Rexión deberán acreditar coñecemento de lingua galega.**

DO 36 AO 50

O 18 de xullo de 1936 o galego volveu sufrir outro ataque. A ofensiva veu dun ferrolán: o xeneral Franco. O primeiro que fixo Franco e outros galegos que o acompañaron foi botar abaixo o Estatuto de Galicia, xa referendado nas urnas pola maioría dos galegos. Lembrades aquilo do autoodio? O ataque durou corenta anos. O poeta Celso Emilio Ferreiro chamoulle a este período **“longa noite de pedra”**. Algo semellante aos Séculos Escuros.



O franquismo provocou a desaparición da lingua galega da escena pública, do ensino e das actividades socio-económicas . Aqueles que tiveron como única vía o exilio – Castelao, Eduardo Blanco Amor, Luis Seoane, Rafael Dieste..., -foron quen de manter viva a chama da cultura, do idioma e da identidade de Galicia. O

desenvolvemento cultural galego ten agora o seu escenario en Arxentina, Venezuela, México e Cuba, entre outros países. A situación social do galego viuse agravada coa obrigatoriedade da escolarización no nivel básico e, posteriormente, coa popularización dos medios de comunicación, que tiñan o castelán como único vehículo de expresión. A peza clave na que se asenta esta recuperación dos usos escritos é a creación da Editorial Galaxia en 1950. Os seus principais promotores , Otero Pedrayo, Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto, Ramón Piñeiro e outros, evidenciaron de novo a validez do idioma galego para calquera xénero ou temática. A editorial Galaxia convértese no eixo de diversas publicacións periódicas: Revista de Economía de Galicia, a revista de cultura e arte Atlántida, e a de pensamento GRIAL- prohibida ao ano seguinte do seu nacemento.



A DÉCADA DOS 60

A partir de 1960 dáse unha leve atenuación da censura para dar outra visión ante o mundo e a policía non era quen de parar os mozos que bulían por todo o país. Cantaban, facían teatro, escribían, pintaban, militaban en partidos políticos clandestinos e asociacións culturais. Case todos estes mozos que loitaban pola liberdade falaban galego. O galego púxose de moda entre os chamados “progres”. Dáse a posibilidade de publicacións antes prohibidas e a instauración por parte da Real Academia Galega do DÍA DAS LETRAS GALEGAS. Xurden asociacións culturais en defensa do galego. Na Universidade Galega créase en 1965 a Cátedra de Lingua e Literatura Galegas.



ANOS 70 E 80 (INSTAURACIÓN DA DEMOCRACIA)


A instauración da democracia permitiu a consolidación dos xéneros anteriores e a apertura de novos horizontes nos

distintos campos literarios en resposta ás esixencias dunha sociedade libre.

Xurden coleccións infantís e xuvenís en galego. Nestes anos proliferan asociacións que tratan de potenciar o teatro en galego.

A Constitución democrática de 1978 proclama a “vontade de protexer a tódolos españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións” e xurde o Estado das Autonomías. Aínda así **a Constitución marca o dereito e o deber de coñecer o castelán pero só o dereito de coñecer o galego para os cidadáns galegos.**

No ano 1985 xurden a Televisión de Galicia e a Radio Galega (un canal monolingüe de calidade e con interese pola cultura propia)



SÉCULO XXI

O 13 de xuño de 2005, a Unión Europea chegou a proposta da inclusión do gaélico irlandés como nova lingua oficial e de traballo da Unión (a 21ª) e do GALEGO (xunto co Catalán e Euskera en España) como lingua non-oficial mais oficiosa (de uso para comunicacións oficiais e de traballo) da Unión Europea.

Segundo un informe recente (outubro de 2007) do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega só un 20,6% dos nenos teñen como idioma inicial o galego. Como contraste, debemos sinalar que en 1992 o mesmo seminario cifraba estes datos nun 60,3%. Nas cidades os resultados son peores: estímase que só o 1,6 dos nenos ferroláns e o 4,3% dos vigueses teñen o galego como lingua inicial, na Coruña o 6,3%, en Ourense 9,1%, en Pontevedra 9,4%, en Lugo o 17,9% e en Santiago o 18,4%.





HOJE É ODÍADAS LETRAS!
E MANÃN ODÍADAS LETRAS!



Ningún idioma alleo –por ilustre que sexa- poderá expresar en nome do noso os íntimos sentimentos, as fondas dores e as perdurables esperanzas do pobo galego; se aínda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e gracia do idioma.

CASTELAO (1886-1950)



DEITADO FRENTE AO MAR

*“Lingoa proletaria do meu pobo,
eu fáloa porque sí, porque me gusta,
porque me peta e quero e dame a gaña;
porque me sai de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa nan saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos avós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos do lingoaxe,
remo i arado, proa e rella sempre...”*

(Celso Emilio Ferreiro)

POESÍA DE MANUEL MARÍA:

O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pensar máis profundo.

O idioma é a vida;
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós,
é ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.



REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA GALEGA:

"A lingua é un espello do mundo que nos rodea.
O clima, a paisaxe, o marco particular no que se desenvolve a vida dunha comunidade humana intégrase tamén na forma de expresarse e condiciona mesmo a maneira de pensar"

CASTELAO:

" Máis eu dígolles que a variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velaí vai a demostración: un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das pampas arxentinas ríncha igual que un cabalo de Bretaña. E sabedes por qué? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal" *Castelao, Sempre en Galiza*

